IDIOMA Incorpora xa 20 millóns de formas "imprescindibles" para coñecer a evolución da lingua durante os últimos trinta anos e inclúe a tecnoloxía XML para axilizar as consultas

Corpus do **Galego Actual**

Para Marisol López, "é un avance exponencial no coñecemento lingüístico" apoiado nas "novas tecnoloxías"

Redacción · Santiago

Xa está dispoñible o novo Corpus de Referencia do Galego Actual (Corga), elaborado polo Centro de Investigación Ramón Piñeiro (CIRP), que ademais de incluír a tecnoloxía XML, incorpora até 20 millóns de formas para estudar o galego dos últimos trinta anos.

No acto, ao que acudiu a secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, o responsable do proxecto, Guillermo Rojo, explicou que o corpus incorpora unha base de datos gramaticais e léxicos da lingua galega contemporánea. Segundo Rojo, o estudo "é o resultado da acumulación dun importante número e variedade de textos que chegan xa a 20 millóns de formas" dende que se realizara por primeira vez en 2001 cando contaba con 12 millóns de formas.

Esta nova versión incorpora un módulo de consultas de nómina de textos, que lles permitirá ós investigadores "coñecer o carácter e o tamaño exacto" do conxunto sobre o que traballa, asegurou Rojo. Durante a súa intervención, lembrou que, hai seis anos, con motivo da celebración da oitava Conferencia de Linguas Minoritarias, o CIRP lanzou a primeira versión deste corpus, que contiña un total de 12,5 millóns de formas, ás que, posteriormente, se incorporaron outros 5 millóns. Ademais, asegurou que, aínda que ese número de formas "podía parecer pequeno" en comparación cos dos corpus doutras linguas, "se ten en conta a situación especial que vive o galego, este número non resulta tan escaso", puntualizou.

Por outra banda, a secretaria xeral de Política Lingüística recordou que foi unha das corresponsables da primeira fase do corpus. "Desde este centro estanse a poñer a disposición da sociedade unha serie de valiosos recursos e ferramentas que, apoiándose nas novas tecnoloxías, permiten un avance exponencial no coñecemento lingüístico", explicou. Marisol López aproveitou ademais a ocasión para trasladarlles aos responsables do centro e a todo o seu persoal a felicitación polo recoñecemento recibido hai uns días nos Premios Irmandade do Libro, da Federación de Libreiros de Galicia. ●

Marisol López e o director do proxecto Guillermo Rojo, onte na presentación no Club Internacional de Prensa

DATOS

Reunión con Carlos Callón

Hoxe a partir das 11:00 horas, reúnense en San Caetano Marisol López, secretaria Xeral de Política Lingüística Marisol López e o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, Carlos Callón.

O NOVO SISTEMA

Versatilidade nos sistemas de busca

A responsable da área de lingüística deste proxecto, Eva Domínguez, explicou o funcionamento do novo corpus, do que destacou a súa capacidade para clasificar os textos por áreas temáticas, subáreas e datas, ademais de posibilitar a busca por palabras ou cadeas e de permitir coñecer o contexto, o título e o autor dos fragmentos. Neste sentido, Barcala destacou que esa "versatilidade" dos sistemas de busca débese ó uso da tecnoloxía XML e fixo fincapé no "esforzo adicional" realizado polo equipo responsable.

Trabállase en novas versións

O responsable da parte técnica do proxecto, Mario Barcala, explicou que o sistema XML está encamiñado a definir a gramática de linguaxes específicas e permite coñecer como se estruturan as noticias segundo os tipos de documentos. Barcala incidiu en que esta tecnoloxía "úsase cada vez máis" e asegurou, ademais, que o centro xa está traballando en próximas versións deste sistema "que permitan o desenvolvemento de novos métodos de busca". O novo corpus será accesible na páxina web corpus.cirp.es.

ESTUDO ■ É o resultado dunha investigación feita no Departamento de Psicoloxía e Educación da USC

Os nenos bilingües crean frases máis "complexas"

Os nenos bilingües constrúen antes que os monolingües frases "máis longas e complexas" sendo o seu vocabulario semellante, segundo destaca un estudo realizado por investigadores do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e de Educación da Universidade de Santiago (USC).

Estes investigadores adaptaron por primeira vez en España, e en galego, as escalas MacArthur–Bates empregadas para avaliar as habilidades comunicativas e lingüísticas dos máis pequenos. Este traballo consistiu en aplicarlles este instrumento a uns 1.100 nenos galegofalantes de entre 8 e 30 meses de idade para coñecer o seu grao de desenvolvemento das capacidades comunicativas e identificar posibles trastornos temperáns.

En xeral, o estudo tamén indica que as diferenzas individuais entre nenos "son extremadamente altas", que apenas existen distincións segundo o sexo do individuo e que a orde de nacemento parece ser unha variable que afecta ó desenvolvemento lingüístico durante o período comprendido entre os 16 e 30 meses. Así, o estudo sinala que os nados en primeiro lugar producen un vocabulario máis extenso, usan frases máis longas e complexas e empregan a linguaxe de xeito despegado do seu contexto máis inmediato.

A incidencia do nivel de estudos e profesión dos pais, en contra do esperado polos investigadores, "só" afecta a aspectos máis sensibles como a comprensión e uso da linguaxe para referirse a lugares, tempos, accións, cousas e persoas que non están presentes. Tamén incide na complexidade das frases que elaboran eses nenos. Segundo o equipo de investigación, ata hai pouco tempo o desenvolvemento comunicativo e lingüístico inicial entre os nenos era difícil de coñecer e avaliar, de aí a importancia desta ferramenta –as escalas MacArthur–Bates– que achega, "de xeito eficaz e cun custo reducido", datos "moi fiables e representativos" dun amplo número de nenos. ● E.P.

LETRAS ■ Sotelo Blanco, Baía Edicións e A Nosa Terra participan no evento que dá comezo mañá

II Feira do Libro Infantil e Xuvenil en Compostela

Mañá chega a Compostela a II Feira do Libro Infantil e Xuvenil Galego que se situará en Área Central até o 2 de abril. Á inauguración, que se celebrará ás 18:00 horas, está previsto que acuda o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo e tamén se espera a visita da secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López.

Así mesmo acudirán ao acto de inauguración os representantes das tres editoriais participantes –Sotelo Blanco Edicións, Baía Edicións e Edicións A Nosa Terra– e o xerente de Área Central, Juan Carlos Losada. Os postos de exposición e venda das editoriais colaboradoras xa estarán instalados dende o mediodía para dar a coñecer as últimas novidades literarias no ámbito infantil e xuvenil en lingua galega.

Ademais dos postos de venda, ao longo de tres días, ata o domingo 2 de abril, os rapaces gozarán cunha gran cantidade de actividades paralelas, como contacontos e obradoiros de ilustración da man de escritores e pintores. ● REDACCIÓN